

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE XULLO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Excusa a sua asistencia:

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día trece de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 19 DE XUÑO E 11 DE MAIO DE 2009. ADOPCION DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador das actas plenaria das sesións de data 19 de xuño e 11 de maio de 2009.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias de data 19 de xuño e 11 de maio de 2009.

2.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interesando o inicio de expediente para elixir Xuíz de Paz Titular do Concello de Xove, consonte o disposto no Art. 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Dáse conta igualmente da certificación de Secretaría de data 13 de xullo de 2009, obrante no expediente, e na que se acredita que no prazo sinalado no anuncio publicado no xornal “La Voz de Galicia” de data 27 de xuño de 2009, e no Bando de Alcaldía insertado no taboleiro municipal de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Xove, e nos taboleiros de anuncios de tódolos Centros Sociais, presentáronse as seguintes solicitudes acompañadas da documentación esixida no anuncio e no bando referenciando.

§ 1.- D^a Verónica Díaz Abad

§ 2.- D^a María Dolores Suárez Oliver

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente manifestase que se ben non existe queixa ningunha sobor da tarefa realizada ata a data pola actual Xuíz de Paz, considera que é necesario ter en conta que os coñecementos en materia xurídica cada vez son máis necesarios para o axeitado exercicio do cargo, xa que as tarefas propias dos Xulgados de Paz e as delegacións que lles fan os Xulgados de Primeira Instancia, cada vez son maiores, tanto en cantidade como en complexidade xurídica.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que polas razóns anteriormente expostas, o Grupo de Goberno vai propoñer a selección de D^a Verónica Díaz Abad, pola súa condición de Licenciada en Dereito e polos cursos de formación realizados, fundamentalmente na Escola de Prácticas Xurídica de Lugo.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo está de acordo coa proposta do Sr. Alcalde xa que efectivamente os coñecementos en materia xurídica cada vez son máis necesarios para o axeitado exercicio do cargo de Xuiz de Paz.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que lle parece correcta a proposta do Sr. Alcalde, aunque é necesario ter en conta que a candidata proposta, no caso de ser nomeada, agote os 4 anos no posto, xa que coa titulación e preparación que posúe e o réxime de incompatibilidades que é de aplicación é difícil que estea tanto tempo exercendo unhas funcións de moita responsabilidade e cunhas retribucións ridículas.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda seleccionar a D^a Verónica Díaz Abad, titular do DNI: 34.880.177-X como Xuiz de Paz Titular do Concello de Xove, e remitir á Secretaría de Goberno do T.S.X.G., certificación do presente acordo acompañada de copia completa do expediente tramitado.

Polo Sr. Alcalde, no nome de toda a Corporación, quere deixar constancia e transmitir a D^a María Dolores Suárez Oliver o agradecemento polo labor efectuado durante todos estes anos no exercicio do seu cargo, e igualmente desexar sorte á nova candidata seleccionada.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, EN SOBRE O SÉCTOR LÁCTEO.

Antes de entrar no debate da moción do epígrafe, polo Sr. Alcalde, ó abeiro do disposto no Art. 92 do Real Decreto 2568/1966 de 28 de novembro, pide a retirada do asunto, toda vez que o Concelleiro que presentou a moción non está presente.

A proposta de retirada é aprobada por unanimidade dos membros da Corporación asistentes á sesión.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

Antes de entrar no debate da moción do epígrafe, polo Sr. Alcalde, ó abeiro do disposto no Art. 92 do Real Decreto 2568/1966 de 28 de novembro, pide a retirada do asunto, toda vez que o Concelleiro que presentou a moción non está presente.

A proposta de retirada é aprobada por unanimidade dos membros da Corporación asistentes á sesión.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non se plantexou rogo nin pregunta ningunha.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e vinte minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo